

Entrevista con...

JOSÉ MANUEL PICO RODRÍGUEZ "LITO"



José Manuel Pico Rodríguez, Lito para os amigos, é un dos construtores ou promotores de obras que máis traballa no noso Val. Naceu en Frexulfe hai agora 58 anos e reside actualmente en Adelán (Alfoz) coa súa muller e a súa filla, se ben reconece que reparte a súa vida entre esta parroquia alfocense, a vila de Ferreira, onde ten un piso, e a súa parroquia natal, Frexulfe, onde aínda reside a súa nai. Lito é unha desas persoas de cuxa vida merecería a pena escribir un libro ou facer unha película. Nos anos difíciles da súa xuventude viuse obrigado a deixar a nosa terra, como tantos outros, pero o destino que Lito escolleu para emigrar non foi o habitual para os galegos: emigrou a Australia, o lugar máis afastado que se poida un imaxinar no noso planeta. Alí traballou no que sempre sería o oficio de toda a súa vida: a construción. Máis de dez anos permaneceu naquel país, até que regresou ó noso Val e se estableceu como promotor inmobiliario, sendo un dos que actualmente máis edificios constrúen pola zona. A chegada da crise económica freou un tanto a súa actividade, ó diminuír a demanda de pisos e casas, pero segue metido no negocio, intentando, como tantos outros do seu gremio, capear o temporal. Ameno conversador, simpático e amigo de facer "tertulia" coa xente, Lito atendeunos na súa oficina provisional, a carón do bar-restaurant Asturias, na vila de Ferreira, a finais do mes de marzo. Falounos da súa vida pasada, das dificultades do seu presente e dos seus plans para o futuro. Dende Xornalouro mandámoslle unha forte aperta e os nosos mellores desexos para o seu traballo e a súa vida. Grazas, Lito.

- Cando e por que comezaches a traballar no negocio da construción?

No negocio da construción comecei a traballar xa antes de emigrar para o estranxeiro. Xa daquela houbera unha época de crise e tivera que marchar fóra de España. Estivera en Lugo durante cinco anos e en Madrid durante tres anos, para marchar logo a Australia, onde estiven durante doce anos, movéndome por varios Estados daquel país. Antes de emigrar, cando xa traballaba na construción, facíao a menos nivel que agora, porque daquela non existían por aquí os grandes promotores e o único que se construía en Ferreira eran vivendas oficiais, non de particulares.

Comecei a traballar na construción ó rematar a escolaridade obrigatoria, ós doce anos, porque na miña familia non había cartos para pagar máis estudos e tiven que poñerme a traballar. En canto a escoller o oficio no que aprender a traballar, tiña poucas posibilidades: ou aprendiz de mecánico, ou aprendiz de carpinteiro, ou aprendiz de albanel. E decidínme por este último oficio, no cal, aparte de construír, tamén pintabamos. En resumo, que naquela época non tiña moitas máis saídas profesionais para es-

coller e comecei a traballar de albanel.

- Traballaras antes nalgún outro oficio?

Non, eu sempre traballei en algo relacionado coa construción. Como vos acabo de contar, comecei de albanel. Cando emigrei traballei en algo diferente, pero tamén relacionado coa construción, pois en Australia traballaba construíndo centrais térmicas. O certo é que naquel país eu non traballaba na construción propiamente dita, con formigón e todo iso, senón que me dedicaba máis ben á montaxe das centrais térmicas. Logo, cando volví de Australia, continúei vinculado ó mundo da construción, no que aínda sigo como promotor.

- Cres que no momento actual hai menos xente que monte un negocio de construción como o teu?

Si, no momento actual hai moi pouca xente que se aventure a montar un negocio como o meu. Ó contrario, debido á crise económica que padecemos ou a outras causas, o que está sucedendo é que moitos negocios da construción están desaparecendo, dándose de baixa. E os negocios que subsisten estano pasando moi mal. No momento actual vivimos unha situación

económica moi difícil e na construción nótese aínda máis esta dificultade.

- Ultimamente hai menos xente que teña traballo na construción?

Si, hai bastante menos traballo neste sector. De momento aínda se aguanta algo a actividade porque cando comezou a crise había moitas obras comezadas pero inacabadas que xa tiñan unha boa parte das vivendas vendidas, e era necesario rematalas. Para entregar unha obra ós compradores é necesario que teñas rematadas cando menos o 90 % das vivendas que van incluídas nesa obra, ó igual que os servizos comúns. Por iso, para rematar estas obras comezadas e que hai que entregar, é polo que aínda queda xente traballando na construción, pero o certo é que hai moita menos que antes. No futuro, cando as obras comezadas sexan entregadas ós seus propietarios, as perspectivas é que van vir dous ou máis anos malos para a construción. Algunha solución haberá que buscarlle ó problema, pero eu non me atrevo a dicir cal pode ser esa solución.

- Paréceche que o teu traballo de promotor de obras está ben remunerado? Gáñanse moitos cartos con el?



Aquí estamos, na oficina que ten provisionalmente Lito a carón do restaurante Asturias, que foi on de nos respondeu ás preguntas da entrevista.

O meu traballo está ben se é que o planificas ben, pero moitas veces resulta difícil que se che cumpran os plans que fas. Se a planificación que fas para as túas obras se che cumpre, a verdade é que gañas bastantes cartos, porque a verdade é que tamén expós moito diñeiro cando empezas. É como un xogo no que existen unhas certas previsións que se deben cumprir. As ganancias tamén van depender do lugar onde constrúas e do volume de obra que constrúas. Se analizamos a situación, vemos que moitas empresas de construción perderon parte ou a totalidade do seu patrimonio, índose moitas delas á quebra; é dicir que no traballo que eu fago as cousas ás veces saen ben e ás veces saen mal. No momento actual as cousas están saíndo máis mal que ben.

- Gústache o traballo que fas?

Agora si que me gusta, pero ó principio non me gustaba. Eu, como xa comentei, comecei a traballar nisto porque non tiña posibilidades de dedicarme a outra cousa. A min cando era novo gustábame estudar, como algún dos meus amigos do colexio, que puido costearse os estudos en Madrid e foi enxeñeiro (vén de xubilarse hai pouco), pero daquela non todas as familias eran iguais e a miña non se podía permitir pagarme os estudos. Naquela época os rapaces das familias sen moitos recursos económicos, cando chegaban ós 12 anos (agora remátanse os estudos obrigatorios ós 16 anos, antes era ós 12), tiñan que abandonar os estudos e poñerse a traballar. É dicir, que ó principio eu comecei de albanel sen gustarme. Logo, a base de pasar o tempo traballando no oficio, xa lle fun collendo cariño. Agora gústame e teño o soño de chegar a construír unha obra como a min me gusta, de maneira que o poder ad-

quisitivo dos meus clientes lles permitira comprala; gustárame que esa obra tivera moito mármore, moita madeira, moitos luxos, pero que, ó mesmo tempo, as posibilidades económicas dos clientes lles permitiran pagala. E non me importaría gañar por esa obra o mesmo que gaño polas que constrúo agora. Comprendo que iso non se podería conseguir aquí, onde traballo eu, porque aquí o poder adquisitivo da xente non o permitiría, pero segue sendo un soño que teño nisto da construción.

- Dinos algunha cousa boa e algunha cousa mala que teña o teu traballo.

Como cousas boas podoo dicir a satisfacción que che queda cando entregas o edificio que constrúches ós clientes e notas, aínda que eles non cho digan, que quedaron satisfeitos co que lles entregaches, cando notas que o que ti fixeches queda ben, dentro das posibilidades que tiñas. O malo que lle noto ó meu traballo é que ás veces fas "favores" a certas persoas e logo ó mellor che pagan eses "favores" cunha denuncia, levándote ó xulgado. Tamén che senta mal que non todos os edificios que constrúes che saen como calculabas; a maioría das veces os cálculos saenche ben e tes ganancias coas obras que fas, pero algunhas veces non calculas ben e quedanche débedas da construción dalgunha obra. Isto tamén resulta negativo para un construtor.

- Cantos traballadores tes actualmente en nómina na túa empresa?

Actualmente non teño ningún. Agora son só promotor. Houbo outras épocas nas que si tiña traballadores en nómina, pero agora non teño ningún. Para facer as obras fago subcontratas, dende hai máis ou menos un ano. Non descarto a posibilidade de volver a coller traballadores, pero sempre e cando

os tempos melloren. De momento dáme medo coller xente e logo que non haxa traballo.

- Os teus traballadores son todos albaneis ou fan tamén outros traballos?

Cando tiña traballadores na miña empresa facían case todos de albaneis e tamén algún de pintor ou doutras cousas. Ademais, tamén tiña algunhas persoas que traballaban na oficina. Pero, como xa dixen, agora non teño ningún empregado.

- Constrúes só en Ferreira? En que outras vilas constrúes?

De momento só constrúo na vila de Ferreira e nas aldeas dos arredores. Na vila fago edificios de pisos e nas aldeas fago casas unifamiliares. Pensei moitas veces construír tamén en Alfoz, pero de momento, cos problemas que hai co plan urbanístico, non se pode construír. O noso Val é un lugar moi bo para construír, porque forma unha gran chaira dende Tanín até Carballido, San Acisclo ou A Seara; sería moi rendible construír nel, pero na parte de Alfoz non se pode.

- Onde tes as túas oficinas?

De momento teño esta oficina provisional, nun local detrás do restaurante Asturias, pero como xa non hai moito traballo nisto da construción vou cambiar para outro local que teño un pouco máis arriba, no edificio "O Roxo", que xa fai sete anos que se construíu e fai esquina.

- Existe moita competencia neste negocio da construción?

Pola zona da costa si que existe moita competencia, aínda que nos últimos tempos hai menos. Ó final, as empresas de construción que foron quedando son as de sempre; a algunhas empresas que viñeron de fóra a esta zona non lles foi moi ben e deixaron traballos a medio facer. A pesar de todo, entre as empresas clásicas da zona, tanto na costa como en Ferreira, si que existe unha certa competencia. Hai diferentes prezos para as vivendas dependendo da empresa e dentro dunha mesma calidade de construción, porque unhas empresas queren gañar máis e outras menos, unhas teñen máis medo e outras menos, de maneira que as que teñen máis medo venden as vivendas máis baratas; desta maneira gañarán menos pero terán a seguridade de vender.

- Canto tempo che pode levar construír unha casa?

Depende. Supoño que vos referides a un edificio, a un bloque de pisos. Normalmente, un bloque de 15 ou 20 vivendas constrúese en dous anos ou dous anos e medio. Se levara máis tempo construílo xa non sería rendible, a non ser que se venderan moi por arriba do que son os prezos normais.

- Leva máis ou menos tempo construír aquí, por Ferreira, que noutros lugares?

Na actualidade o normal é que rematen antes as obras pola costa que aquí, en Ferreira, aínda que antes era ó revés. Hai un tempo aquí, no Val (incluíndo Alfoz e O Valadouro) había moita man de obra e a man

de obra que sobra ía traballar á costa. Dende hai 15 anos para aquí, pola contra, cambiou todo: aquí, no Val, queda pouca man de obra, porque toda se foi traballar á costa. Invertéronse os papeis: a xente prefire traballar antes na costa e se alí non poden veñen traballar a Ferreira. Por iso agora leva máis tempo facer as obras aquí.

- Pensas seguir moito tempo dedicándote ó negocio da construción ou pensas cambiar de oficio?

Os meus anos xa non penso en cambiar de oficio. Penso moito, iso si, a que me podo dedicar no futuro, sempre en cousas relacionadas coa construción, sexa facendo vivendas ou outra cousa. Pero neste mundo da construción non sabes o que pode pasar dentro de dous anos. Se as cousas foran tan ben como antes, seguiría construíndo como antes o facía, pero tal como as cousas foron evolucionando nos últimos tempos (pois agora todo cambia máis en dous anos que nunha década), nunca se sabe o que vai pasar. Non descarto, incluso, irme a construír fóra, ó estranxeiro.

- Paréceche que o sector no que traballas se viu moi afectado pola crise económica que padecemos?

Si, penso que o sector da construción foi o máis afectado en España pola crise económica, seguido, tal vez, polo sector do turismo. Os problemas na construción veñen motivados en que a xente xa non compra, a xente xa non ten diñeiro co que comprar. Ademais, os bancos xa non conceden créditos, nin ós promotores inmobiliarios nin ós posibles compradores; na actualidade resulta moi difícil conseguir un crédito dos bancos.

- Pensas que, como din algúns, o sector da construción é un dos grandes responsables de que haxa crise económica, por construírse tanto o tolo e sen xeito?

Si, os do mundo da construción somos algo culpables da crise. Porque ó principio había uns promotores inmobiliarios clásicos, os que sempre se dedicaran á construción (ou algún máis que estaba empezando), pero cando empezou o *boom* da construción convertíase en promotor calquera persoa. Por exemplo, podían xuntarse unha persoa que tivera unha perruquería e outra que tivera un bar, mercar un terreo e poñerse a construír unha obra, porque a ganancia do seu negocio ía ser seguramente do cen por cen. Noutros países, concretamente nos que eu estiven, cada promotor inmobiliario tiña que ter a súa licenza para poder construír, e se había demasiadas licencias, xa non se concedían máis, porque só podía haber unhas poucas; só podían existir un número de promotores que puideran vivir do seu traballo e que puideran darlle traballo á xente. Aquí, na nosa zona, no momento do *boom* da construción, era promotor todo o mundo, de maneira que podemos dicir que si, que fomos tamén algo culpables os promotores da masificación na construción de pisos. Pero non fomos os únicos culpables. Tamén foron culpables os especuladores que compraban catro, cinco

ou seis pisos porque sabían que ó ano seguinte ían gañar en cada un deles catro, cinco ou dez millóns das antigas pesetas; estes especuladores querían facerse ricos expoñendo pouco. E tamén foron culpables as entidades bancarias, tanto caixas como bancos, porque ofrecían o diñeiro a todo o mundo para captar o maior número posible de clientes. É dicir, que houbo moita xente que foi responsable de que nos chegase a crise económica.

- Baixou moito o número de construcións que se fan no noso Val? E noutros lugares da Mariña?

A construción baixou como mínimo un 75 %, quedouse nunha cuarta parte do que era antes. Pero a cousa é aínda máis grave, pois ou creo que para o ano que vén esta diminución do 75 % pode chegar ó 90 %, porque na actualidade penso que non queda case ningunha licenza para construír. E con isto estoume referindo tanto ó noso Val como á zona da costa. No caso das zonas da costa resulta moi triste que non existan licencias. Lin non hai moito no xornal que en Viveiro, por exemplo, só existen dúas licencias, e isto sorprendeume moito. Eu espero, polo ben de todo o mundo, que a situación se normalice; non quero dicir que se volva a construír masivamente, pero si que se normalice a situación da construción e que volva haber neste sector algo de traballo para a xente.

- É certo que agora, coa crise, os prezos das vivendas baixaron moito?

Si, algo baixaron, aínda que non moito. O certo é que (dependendo, claro está, dos diferentes lugares) os prezos dos pisos estaban antes inflados. Na costa, concretamente, segundo me contou un dos meus clientes, había promotores que estaban vendendo pisos estrela a 35 ou 40 millóns das antigas pesetas, é dicir, moi inflados de prezo, e que este ano vendéronlle ese mesmo prezo en 24 millóns de pesetas. É dicir que si, que os prezos baixaron. O que pasa é que aquí, en Ferreira, se xa estás construíndo no límite de prezos que te podes permitir, o que non podes é baixar máis eses prezos. O máximo que podes baixar nun piso construído en Ferreira serán uns 3.000 euros. Se vendes en Ferreira un piso a 90.000 ou 80.000 euros estaslle gañando pouco ou nada. Ademais, que tes tamén durante dez anos a responsabilidade dos fallos que aparezan no edificio, das gretas que se lle formen por fóra e dos problemas de corremento do edificio.

- Canto pode custar nas túas obras un piso de, por exemplo, sesenta metros cadrados?

Tal como están as cousas na actualidade, un piso duns 60 metros cadrados pódese vender entre 72.000 e 80.000 euros. Pero o prezo que teña o piso depende tamén doutras cousas, como do lugar ó que estea enfocado, se dá a unha rúa principal ou a un patio de luces, por exemplo; se dá a unha rúa principal pode aumentar o seu prezo uns 10.000 euros.

- Vendiches moitos pisos no pasado ano 2009? E no que levamos do ano

2010 nótase que aumenta a venda de pisos?

Pode que a situación económica estea a mellorar noutros sitios, pero eu aquí non lle noto que mellore. Se falamos de vender pisos, eu xa tiña algúns vendidos dende o ano 2008; escriturados no 2009 e no 2010, iso si, pero vendidos xa os tiña de antes. O que é vendelos propiamente no ano 2010 a verdade é que aínda non vendín ningún. E a verdade é que eu non teño uns prezos desorbitados, pero o caso é que non hai demanda.

- Como ves o futuro inmediato dentro da construción? Mellorará o panorama ou empeorará?

Creo que a situación vai mellorar cando pasen tres anos. Empeorar non creo, porque case non se pode empeorar máis. Pero aínda que a situación mellore, xa non se van repetir as alegrías de antes da crise, nin creo que se deban repetir, porque sería malo que o fixeran. Non sei como teñen que facer os que están gobernando a nivel de concellos, da Xunta de Galicia ou do Goberno central para solucionar a crise, porque xa é difícil gobernar unha casa como para poder gobernar facilmente un país; pero eu calculo en dous ou tres anos, máis ben tres que dous, o tempo que pasará antes de que se lle comece a dar algo de solución ó problema, antes de que se vexa por fin algo de luz. É imposible que a situación económica siga así de mala.

- Se tiveses que cambiar de traballo, que outros traballos che gustaría realizar?

O que máis me gustaría é ser anticuario, pero non un anticuario de pobo, senón un anticuario a un nivel alto. Gústame moitísimo as antigüidades: mobles, cadros... De todo. Gustaríame vivir do traballo coas antigüidades e viaxar polo estranxeiro co meu traballo, porque me gusta moito relacionarme coa xente de fóra.

- É certo que estiveches uns anos de emigrante en Australia? Como foi aquilo?

Si, estiven aproximadamente doce ou trece anos en Australia. Ó principio a cousa foi mal, porque chegar a outro país con costumes diferentes significa moitas dificultades. Cheguei a Australia ó final do mes de Setembro, cunha calor impresionante. Eu sabía poucas cousas sobre Australia. En principio tiña a intención de emigrar a Australia ou México. A xente falaba de que nos países de Europa os emigrantes se levaban mal, e como iso non me gustaba elixín irme para un lugar que estivera lonxe, no que non houbera ninguén coñecido. Ademais, Australia tamén me chamaba e, incluso, alí podía aprender o inglés.

Unha das cousas que máis me impresionou ó chegar ó aeroporto de Australia foi ver a homes de trinta, corenta ou cincuenta anos vestindo zapatos cuns calcetins brancos que lles chegaban un pouco máis abaixo do xeonllo, todos en pantalón curto. Eu daquela saíra pouco e esa foi unha cousa que me chamou a atención. A comida de aló tamén me chamou a atención; eu esta-

ba acostumado a comer a comida forte de Galicia e a comida de alí era moi distinta, con moitas ensaladas. Tamén o pasei mal ó principio porque non entendía a súa fala, aínda que xa sabía que iso ía suceder.

En Australia leváronos para un lugar que lle chamaban o Hostel, que era un campo con naves que nos servían de colexio ós emigrantes que iamos a aquel país con contrato (porque alí se ías sen contrato non podías facer nada, metiánte no avión e tiñas que regresar ó teu país). O contrato que levamos era un contrato que se asinaba co Goberno australiano, e non cunha empresa determinada; ó asinar aquel contrato comprometíaste a estar alí polo menos dous anos traballando. Se ó final non estabas os dous anos traballando alí tiñas que devolver os cartos que che pagaran pola viaxe de ida.

En Australia necesitaban traballadores con algunha especialidade laboral, cunhas especialidades concretas, pois sen elas tampouco che deixaban ir. Eu estudara Decoración en Lugo e mandara os papeis á embaixada de Australia en Madrid, e dixéronme que si, que decoradores si que necesitaban aló. De todos modos, cando por fin ías tampouco tiñas por que traballar, precisamente, de decorador. Esixíanche, iso si, que tiñas que estar durante tres meses nun Hostel daqueles. Polas mañás dabas catro horas de inglés, ías comer, e logo, pola tarde, dabas outras catro horas de inglés. Comíamos nos angares que había alí, que foran dos soldados da Segunda Guerra Mundial. Había uns apartamentos novos e

puñánnos ós solteiros dun lado e ós casados doutro. Había tamén campos de deporte, para xogar a fútbol, rugby, de todo. Despois de estar os tres meses no Hostel, os solteiros podíamos prorrogar outros tres meses máis para perfeccionar un pouco máis o inglés, mentres que os casados só podían estar un ano. Eu estiven alí, creo recordar, durante catro meses e logo comecei a traballar naquela empresa. Todos os anos que estiven en Australia traballei na mesma empresa, pero gustábame coñecer toda Australia e por iso cando acababamos o traballo nunha zona eu solicitaba que me enviásen desprazado a outra zona. Australia era un país inmenso.

- Dinos as principais afeccións que tes para o tempo libre.

Gústame ó principio do verán ir un pouco á praia; logo xa non me gusta tanto ir, e non polo frío, senón pola masificación que hai nas praias. Tampouco me gusta moito estar tostándome ó sol; gústame que me colla un pouco o sol e bañarme un pouco. Tamén me gusta o fútbol, como a moita xente. E, como xa dixeran, tamén me gusta ir ás feiras de antigüidades. E logo gústame viaxar, aínda que ultimamente, dende hai tres anos, viaxo bastante pouco; tanto me dá viaxar lonxe como preto, o que me importa é moverme e ir coñecendo un pouco os sitios por aí.

- Que soños che quedan aínda por realizar nesta vida?

Xa o dixeran antes. Soño con facer unha casa grande, un edificio que ó pasar por diante del puidera dicir: estou contento de

como o fixen, porque o fixen da maneira en que quería facelo. Logo venderíao.

Tamén soño con chegar a coñecer América do Norte e América do Sur. O problema é que eu non xogo nin á lotaría nin ás quinielas. Se xogara e me tocara comezaría por Canadá e recorrería toda América de arriba abaixo; moitos sitios tería que pasalos en avión, porque esa estrada Panamericana da que se fala non existe aínda (teño falado con xente de Panamá, por exemplo, que me dixeran que esa vía de comunicación aínda non existe). E non sei que máis soños teño. Con que me chegue o diñeiro para vivir confórmome.

- Por último, dinos tres cousas que te levarías a unha illa deserta.

É difícil contestar a isto, porque ás veces non podes dicir o que te levarías a unha illa deserta. Para comezar, levaríame a unha compañeira, porque non me gustaría estar só alí. Tamén levaría libros que me gustaran para ler e se non había auga, levaría tamén auga, moita auga para beber e, ó mellor, unha cámara fotográfica para facer fotos das paisaxes e tamén como facía cando vivía en Australia. Cando estiven en Australia unha cousa que facía moitas veces os domingos pola mañá era coller o todo terreo da empresa e irme cara ós bosques, sobre todo cando estiven na parte tropical, na parte norte, para ver unha especie de loros de cores que vivían alí; gústábame moito velos, ver como facían, escoitar como cantaban; tiña que ir con moito silencio, pois se se incomodaban fuxían.



Rematamos a entrevista e sacamos esta foto fronte a oficina actual que ten Lito en Ferreira, a carón do restaurante Asturias. Aquí o temos a carón de Tania, Yaiza e Lorena, que foron nesta ocasión as encargadas de facerlle as preguntas. Agardamos, como Lito, que rematen xa os malos tempos que estamos pasando na economía e que el poida volver a construír sen atrancos e os demais a mercarlle pisos, porque todos necesitamos un fogar para vivir. Grazas, Lito.